

INFORMACIÓN DA PROBA

- 1º. Cada departamento instrumental deberá propor unha lista de obras ou movementos: unha obrigada e outras de libre elección, para presentarse á proba. O candidato/a poderá presentar outra obra que non estea na lista, sempre e cando, esta sexa previamente aceptada e aprobada polo departamento correspondente.
- 2º. A proba cualificarase apto ou non apto. O acordo do tribunal poderá ser por maioría ou por unanimidade.
- 3º. O alumno/a deberá traer o seu propio pianista acompañante, se precisara.
- 4º. O alumno/a tocará de memoria cando menos, unha obra ou movemento das presentadas.
- 5º. O programa terá unha duración mínima de 30 minutos, e interpretará, cando menos, dúas obras ou movementos que correspondan a estilos diferenciados. Unha delas será a obrigada.

DIRECTRICES PARA CAMBIOS NAS OBRAS DE PREMIO FIN DE GRAO

Unha vez publicadas as listaxes provisionais de admitidos a Premio Fin de Grao, así coma as listaxes de obras de libre elección propostas polos departamentos, o alumnado poderá solicitar a inclusión dalgunha obra que non apareza en dito listado. Para tal feito, deberán presentar unha instancia na que reflexen a obra ou obras que desexan incluír, no prazo de dous días seguintes a publicación das listaxes provisionais.

A xefatura de estudos informará aos xefes de departamento destas solicitudes, o cal reunirá, no prazo de dous días seguintes a presentación das solicitudes, ao departamento correspondente para decidir a admisión ou non das obras presentadas polo alumno.

O xefe do departamento deberá informar por escrito a xefatura de estudos da resolución, para facer unha nova publicación das listaxes das obras de libre elección e de admitidos a Premio Fin de Grao definitivas.

CRITERIOS MÍNIMOS DE VALORACIÓN DA PROBA

- 1º. Evidenciar unha madurez técnica e musical sobresaliente para interpretar un recital de, alomenos trinta minutos, con obras ou movementos de estilos variados, cunha dificultade técnica e musical meritoria de un Galardón á Excelencia, mantendo unha extraordinaria calidade interpretativa ao longo de todo o recital.
- 2º. Trascender os aspectos técnicos para acadar unha transmisión musical, a través dun discurso musical emanado do propio intérprete, e tendo como base o texto.
- 3º. Interpretar de memoria algunha das obras ou movementos do programa.
- 4º. Interpretar o programa có acompañamento requerido para cada obra ou movemento.
- 5º. Coñecer e aplicar con solvencia o protocolo de concerto e as convencións interpretativas.